



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

O Concello de Outeiro de Rei convoca o VII CONCURSO DE POSTAIS “NADAL 2022” .

O Concurso desenvolverase de acordo ás seguintes bases:

### 1.- PARTICIPANTES

Poderán participar todos os escolares de primaria segundo as seguintes categorías:

CATEGORÍA I: de 1º a 3º de primaria

CATEGORÍA II: de 4º a 6º de primaria

### 2.- TEMA

O tema da tarxeta terá que estar relacionado co Nadal e valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos nenos concursantes.

### 3.- FORMATO

O formato da tarxeta será de 15 x 21 cm. (medio folio) e poderá realizarse tanto en sentido horizontal como vertical.

O soporte material será papel ou cartolina fina. A técnica será libre, e poderán empregarse todo tipo de materiais tempera, ceras, carboncillo ...etc

### 4.- PRESENTACIÓN

Presentarase ata dúas tarxetas por persoa. A tarxeta irá acompañada dunha folla cos datos persoais do participante.

As tarxetas entregaranse nas oficinas municipais da Casa da Cultura de Outeiro de Rei ou á conserxe do Colexio do 1 ao 25 de novembro de 2022.

### 5.- PREMIOS

O xurado, seleccionará por cada categoría un máximo de tres traballos e no caso de que a calidade e número de participantes o esixira os accesits que estime convenientes. Os autores seleccionados recibirán candaneseu diploma, libros e agasallos.

Entre as tarxetas premiadas o Concello seleccionará a de maior puntuación para empregala como felicitación de Nadal.

Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

## 6.- XURADO

O xurado estará composto por un presidente (concelleira de Cultura ou persoa na que delegue) e dous vogais do Concello que serán nomeados polo Alcalde.

## 7.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a aceptación das bases, que estarán dispoñibles na Casa da Cultura ou na páxina web do Concello.

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.